

# NA ORIXE DAS ESPECIES

As outras xenealoxías da Arte Contemporánea

# Na Orixe das Especies

As outras xenealoxías da Arte Contemporánea

## INTRODUCCIÓN

A Historia da Arte —habitualmente máis adicada á disertación sobre os cómos que no descubrimento dos porqués— cultiva unha teimuda predilección pola simple descrición formal e pola localización cronolóxica, en consecuencia, pola taxonomía como metodoloxía, todo un exercicio de suma entre o *taxis* e o *nomos*; ordenamento e norma.

Do mesmo xeito que Darwin refutou a creenza que sostíña que as especies tiñan sido creadas ex nihilo, plantexando pola contra, a evolución das mesmas partir da necesidade de adaptación ao medio e os seus cambios, a achega a Arte Contemporánea que propoñemos parte da obxeción á categorización episódica e á xeración espontánea como únicas explicacións acaídas para todo aquilo que non é posible clasificar, todo o que no seu reflexo pudiera parecer nos falsamente orixinal.

Formulamos aquí unha “*extrahistoria*” da Arte baseada na evolución descrita pola interferencia entre o autor e o mundo exterior. Un mundo que a finais do século XIX introduce unha chea de novidades e avances técnicos, sociais e culturais que son quen de crear por si mesmos os recursos desde o que xerminaran moitas das solucións adoptadas que máis tarde desenvolverán as vangardas artísticas. Por primeira vez, a cultura de masas adianta e substitúe á Arte como actor hexemónico na elaboración de imaxes. A súa capacidade de produción está presente desde as infancias duns futuros artistas que por primeira vez na historia nacen rodeados de imaxes, reproducións impresas, fotografías e imaxes dun mundo en continuo movemento e que por primeira vez tamén vai poder ser observado do mesmo xeito. Os pintores da vida moderna de *Baudelaire*, que seguindo as súas palabras o serían do fugaz, o efímero e do contixente.

O nosa andaina afástase por estradas secundarias nun intento de crear un camiño cara unha nova vía para chegar aos feitos, unha escenografía chea de paradas nas manifestacións da cultura de masas fronte a telón de fondo dunha sociedade en imparable cambio. Unha proposta aberta que acredita eses cambios como auténtico motor produtivo da nova linguaxe dun Arte que aínda que pareza novo so está evolucionando: renovarse ou morrer.

**S.Fandiño**

## CAPÍTULO 1.


### “A Orixe das Especies” Contra o Evanxeo según Alfred Barr

Fronte ao dogma proposto, presentamos unha idea alternativa fundamentada na convivencia e na evolución co medio. Para este fin, establecemos unha teoría das vangardas e o seu desenvolvemento baseada na proximidade co entorno, coa vida, cos feitos da infancia e cos feitos terribles que son contemporáneos ao seu nacemento e progresión. As teses fundamentadas na idea da xeración espontánea dos movementos ou de encadeamento consecutivo co movemento artístico precedente quedan aquí desacreditadas, postas en cuestión e finalmente superadas pola idea de concomitancia co medio. Unha creación artística máis próxima á recreación que á produción *ex nihilo*.

Nesta sesión inicial, analizaremos ese entorno de acontecemento, marcando xa desde o principio un marco de ubicación próximo ao entendemento da arte como unha actividade enraizada en algo máis que a propia arte, un campo de evolución continua por adaptación ao medio no que habita.



Mothers vendo dibuxos e imaxes estereoscópicas, Medios do século XIX




Cubism and Abstract Art e Dada And Surrealist. Alfred Barr, 1936



## CAPÍTULO 3.

“Avoir l'apprenti dans le soleil”.




*Sombras Chinesas, finais do XIX*




*Roda de Bicicleta, 1914*

En 1914, Marcel Duchamp realizou un pequeno debuxo nas liñas do pentagrama dun caderno de música. Neste debuxo, podemos apreciar a un ciclista equilibrándose sobre unha delgada liña. A obra, que podería traducirse como “ter de aprendiz ao sol”, proporciona un viero que convida á indagación e a reflexión. Este modesto debuxo, ás veces descoñecido e esquecido na traxectoria dun autor que adoita quedar eclipsado de maneira interesada ou ignorante polo todavía polémico R.Mutt, bríndanos a oportunidade de mergullarnos no elemento da sombra como un factor configurador en gran parte do discurso non só duchampiano, senón tamén de moitos outros artistas que exploraron o obxecto como linguaxe e como campo de batalla.



*Xogo infantil “Sombras Chinoises”, finais do século XIX*

**CAPÍTULO 4:**  
**O Maior Espectáculo do Mundo.**



*Emmy Hennings como muller araña, 1910    Cartel do Circo Ringling*

O extravagante, o absurdo e o imposible estiveron presentes nos espectáculos máis populares que durante o período de transición entre os séculos XIX e XX contaban cunha asistencia masiva nos núcleos urbanos das grandes cidades europeas. Antes de que o cine se popularizase, feiras, circos e cabarés atraían a unha audiencia que buscaba ser asombrada a base unha ampla gama de tipoloxías performativas, escénicas e teatrais.

O nacemento do dadaísmo nun cabaré durante o conflito bélico que asolaría Europa non é un feito anecdótico. A procura do irreal do movemento surrealista despois da crudeza dese primeira gran guerra tampouco. Ambos son fieis a unha arte que se contaxia do ambiente no que xurde, continuando a explorar e desafiar as convencións artísticas e a realidade cotiá nun momento onde a sinrazón e os desastres da carnicería europea conforman a paisaxe visible tras o desvanecemento do fume provocado polos canons."



*Soldados e cabalo na Primeira Guerra Mundial, 1915*

## CAPÍTULO 5: Sunset Boulevard. No Crepúsculo da Alta Cultura



Cromo de Shirley Temple. 1936



Men of War, 1941

A cultura de masas que fora un mero rumor no medio do estruendo da vangarda, convértese agora na banda sonora hexemónica dos movementos artísticos que, tras o apoxeo do expresionismo abstracto desde finais dos anos 50, introducen de maneira gradual e profunda as imaxes producidas polo capitalismo triunfante nas retóricas temáticas da arte. Aínda co sistema arte norteamericana xa tiña feito a súa escolla con anterioridade, confiando aos “irascibles” a tarefa de representar a liberdade individual de Occidente fronte o Realismo Socialista, nace o Realismo Capitalista

Nesta sesión, adentráronos nun exercicio de paciente arqueoloxía para desenterrar esas imaxes que hoxe imperecedeiras, pero que na súa orixe estaban destinadas a seren consumidas rapidamente, a desaparecer despois do seu primeiro e e ao mesmo tempo último uso. Estas imaxes, que unha vez foron efémeras, agora forman parte da Historia da Arte. Como Marshall McLuhan apuntou acertadamente, "o medio é a mensaxe", e exploraremos como a arte asimilou e transformou estas imaxes, dándolles un novo contexto e significado.



Etiqueta de lata de Sopa “Campbell”, 1945